

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao través das deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao número de persoas beneficiadas polo Programa de Activación para o Emprego (PAE).

Exposición de motivos

Asinárase o 15 de decembro do 2014, o acordo estatal para desenvolver o Programa de Activación para o Emprego (PAE), acordo que nas verbas do presidente do goberno central permitiría arbitrar axudas especiais para conquistar a integración no mercado laboral a aproximadamente 450.000 persoas en situación de paro de longa duración e con responsabilidades familiares. Estimación que a ministra afirmou que nace dunha consulta coas comunidades autónomas.

Esta axuda de 426 euros durante seis meses alén da súa moi reducida contía partía xa coa eiva dunha previsión de cobertura de só 1 de cada tres persoas sen ingresos, no paro e con cargas familiares.

O 6 de marzo o consello de ministros aprobou un crédito extraordinario por importe de 850 millóns de euros para financiar este PAE no exercicio 2015.

As previsións enunciadas polo goberno están a resultar fallidas porque o número de persoas beneficiarias previsto para maio do 2015 situábase en 320.000 persoas (sendo na realidade de só 55.886 persoas) e o gasto previsto movíase no furco que vai de 383-426 millóns de euros, cifra que resta na actualidade en 51 millóns de euros.

O certo é que os datos de partida para realizar as estimacións os garda sen compartilos cos sindicatos o goberno central: este é o que coñece o número de persoas inscritas nos servizos públicos de emprego con data 1 de decembro do 2014; cantas destas

persoas percibiran o Prepara ou esgotaron a RAI; cantos persoas teñen responsabilidades familiares e levan alomenos 6 meses sen prestacións e sen recibir unha renda social.

Crece as denegacións para acceder a un programa que naceu insuficiente e resulta fallido no seu desenvolvemento. O ministerio recoñece 17.735 denegacións. Unha de cada cinco solicitudes denégase.

Este grupo parlamentario quere coñecer que datos proporcionou a Xunta ao ministerio para realizar as estimacións do PAE e cal é o impacto que está a ter no noso país.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a facer públicos todos os datos referidos ao Programa de Activación para o Emprego comunicados ao goberno central.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a reclamar ao goberno central unha rectificación no funcionamento do PAE de maneira que cumpra alomenos as previsións en número de beneficiarios sostidas polo goberno central no seu lanzamento.

En Compostela, a 14 de xullo do 2015, ducentésimo vixésimo sexto aniversario da toma da Bastilla.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/07/2015 11:45:37

Eva Solla Fernández na data 14/07/2015 11:45:43